

Mercado de Nadal

Do 3 de decembro de 2021

ao 5 de xaneiro de 2022

FICHA DA ACCIÓN

Entidade promotora: Departamento de Comercio. Concello de Santiago de Compostela.

Obxecto: Mercado de Nadal do Concello de Santiago 2021/2022.

Potenciais participantes: artesáns, produtores e comerciantes con capacidade para elaborar ou vender produtos, creacións ou elaboracións de Nadal, agasallos e produtos de alimentación relacionados co Nadal.

Datas de celebración: do 3 de decembro de 2021 ao 5 de xaneiro de 2022.

Localizacións: Localizacións: Carreira do Conde (3 de decembro a 5 de xaneiro) e Área Central (26 de decembro a 5 de xaneiro).

Horario: apertura diaria de 12.00 a 14.00 h e de 17.00 h a 21.30h, agás:

- día 31 de decembro: apertura só de mañá (12.00 a 14.00 h)
- días 24 e 25 de decembro e 1 de xaneiro: pechado

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. DESENVOLVEMENTO E MEDIDAS PREVENTIVAS CONTRA O SARS-COV-2

1.1. O Mercado de Nadal do Concello de Santiago localizarase na Carreira do Conde de Santiago de Compostela, desde o día 3 de decembro de 2021 ao 5 de xaneiro de 2022, e en Área Central, entre o 26 de decembro de 2021 e o 5 de xaneiro de 2022.

1.2. O horario de apertura será de 12.00 a 14.00 e de 17.00 a 21.30 h.

1.3. As persoas participantes están obrigadas a cumprir as normas de prevención ante o SARS-CoV-2 que estean vixentes en Santiago de Compostela no momento en que se desenvolva cada unha das quendas. En todo caso, deberán:

- Portar máscara en todo momento.
- Manter as distancias de seguridade co público e coas restantes persoas expositores.
- Dispor de xel hidroalcolico para uso regular do público visitante, que será proporcionado pola organización.
- Desinfectar con produtos autorizados, cantas veces sexa preciso e esixible, os mostradores ou zonas de posible contacto físico co público.
- Para o sector da alimentación, todos os elementos utilizados para a venda dos produtos deben ser dun único uso. Primarase papel, cartón ou madeira sobre o plástico.
- Recoméndase a utilización de terminais TPV para evitar os pagos en efectivo.

1.4. No caso de ser preciso nas semanas de celebración do Mercado, a organización regulará o acceso do público visitante á rúa da Carreira do Conde e vixiará para que non se produzan aglomeracións. En ningunha das dúas localizacións se permitirá o acceso nin a permanencia de público sen máscara e as persoas visitantes manterán a distancia social recomendada.

1.5. En caso de forza maior ou de cambio nas tendencias da pandemia en Santiago de Compostela poderanse modificar as datas do mercado, ou mesmo anularse a súa celebración, sen que os expositores poidan presentar reclamación por presuntos danos como consecuencia da anulación.

1.6. A participación no mercado implica aceptar integramente estas bases e as decisións que adopte a organización ao interpretarlas ou a respecto de aspectos non previstos que poidan xurdir antes, durante ou despois do evento.

2. PERSOAS EXPOSITOAS. CRITERIOS DE SELECCIÓN

2.1. Para as datas que se recollen no apartado 1.1, o mercado contará na rúa da Carreira do Conde cun total de **15 casetas** de venda de produtos e estruturas para a venda de bebidas e produtos de alimentación elaborados; e cun máximo de **15 mesas de exposición** e elementos auxiliares en Área Central.

2.2. En función dos postos dispoñibles e en beneficio do mercado, entre as solicitudes de participación presentadas realízase unha selección por quendas aplicando os criterios que seguen:

- A calidade, materias primas, innovación e acabado dos produtos.
- O proxecto de decoración do posto que se presente.
- A idoneidade e carácter de Nadal das pezas.
- O matiz artesanal e diferencial das coleccións.
- A heteroxeneidade na selección final de participantes por quendas.
- O feito de seren marcas con produción propia e realizada en Galicia.
- A localización xeográfica da razón social dos expositores.

2.3. As persoas interesadas poderán solicitar a información complementaria que precisen para valorar a súa participación no mercado no seguinte contacto: **mercadonadal@versalscq.com**.



3. PRODUTOS PRIORITARIOS

3.1. Serán prioritarios os produtos de carácter artesanal e valorarase a calidade, a orixinalidade e a produción a pequena escala para o caso de non seren produtos artesanais. Tamén se valorarán as propostas de repostería, doces e outros produtos de alimentación ou bebidas vinculadas ás celebracións de Nadal e aos eventos de rúa.

Nas tres primeiras quendas, darase prioridade absoluta aos produtos de alimentación e decoración propios do Nadal. As decisións sobre a distribución dos expositores, en todo caso, competen exclusivamente á organización, que tomará as decisións sempre en beneficio do Mercado.

3.2. Para a Carreira do Conde, ademais das persoas candidatas para a exposición nas casetas poderanse tamén seleccionar expositores de postos de alimentación e bebidas quentes. Neste caso, os expositores serán responsables da seguridade nocturna das súas estruturas. De consideralo preciso poderán montar e desmontar diariamente, sempre que se garanta a apertura ao público no horario recollido no punto 1.2. destas bases.

4. QUENDAS E LISTA DE AGARDA

4.1. O mercado organizarase en 5 quendas:

Quenda 1: Venres 3 a xoves 9 de decembro (7 días)
– rúa da Carreira do Conde.

Quenda 2: Venres 10 a xoves 16 de decembro (7 días)
– rúa da Carreira do Conde.

Quenda 3: Venres 17 a xoves 23 de decembro (7 días)
– rúa da Carreira do Conde.

Quenda 4: Domingo 26 a xoves 30 de decembro (5 días)
– rúa da Carreira do Conde e Área Central.

Quenda 5: Venres 31 de decembro a mércores 5 de xaneiro (5 días) – rúa da Carreira do Conde e Área Central.

4.2. As solicitudes non seleccionadas pasarán a formar parte dunha lista de agarda, que será utilizada para cubrir baixas e cancelacións.

5. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN E PROCESO DE SELECCIÓN

5.1. A solicitude de participación é única e realizarase exclusivamente mediante o formulario de solicitude de participación en liña antes das 23.30 h do luns 8 de novembro de 2021. As persoas solicitantes poderán solicitar unha ou dúas localizacións, así como unha ou varias quendas, especificando as súas prioridades. **Ao formulario de solicitude pódese acceder desde esta ligazón: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.**

5.2. Para que a solicitude sexa considerada firme, as persoas solicitantes deberán enviar ao correo mercadonadal@versalscq.com o proxecto detallado de decoración da caseta ou posto (tipo de decoración, materiais, distribución na caseta etc.) e entre 4 e 6 fotografías que sexan representativas do produto que se pretende expoñer. **As solicitudes que non se acompañen desta información non serán válidas.**

5.3. A adxudicación das quendas terá en conta as preferencias manifestadas na solicitude de participación, aínda que non

será criterio exclusivo. Na distribución terase en conta o beneficio do conxunto do mercado e das persoas que o visiten, propiciando a diversidade de produtos para a venda en cada unha das quendas.

5.4. As persoas solicitantes deberán especificar de xeito pormenorizado os produtos que estarán á venda en cada unha das quendas que solicitan. **Non se aceptará a exposición e venda de produtos non autorizados.** O incumprimento desta norma suporá a retirada do produto non autorizado e mesmo a cancelación da participación do expositor na quenda ou quendas adxudicadas, sen devolución de fianza á que se fai referencia no apartado 6.3.

5.5. Unha vez realizada a selección de expositores, as persoas titulares serán informadas pola organización e enviaráselles o **acordo de participación**. Para que a confirmación de espazos e quendas sexa firme, os expositores deben devolver este acordo de participación asinado, acompañado da documentación acreditativa que se recolle nestas bases e do xustificante bancario do depósito da fianza. O acordo de participación enviarase por correo electrónico a mercadonadal@versalscq.com.

5.6. As persoas solicitantes quedan informadas e consenten expresamente que os seus datos sexan incorporados a un ficheiro para o seu tratamento automatizado relacionado cos fins exclusivos do obxecto da solicitude. Así mesmo, poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose á secretaría técnica do mercado, mercadonadal@versalscq.com.

6. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN. FIANZA

6.1. Para os postos en caseta e as mesas de exposición poderán presentar solicitudes as persoas comerciantes, artesás e produtoras con capacidade para exhibir, elaborar e vender produtos, creacións ou elaboracións de Nadal, así como os expositores aos que fai referencia o apartado 3.2. destas bases. Pode tratarse de sociedades ou persoas físicas, sempre que estean legalmente constituídas ou regularizadas no réxime de traballadores por conta propia, na actividade económica que lles corresponda.

6.2. Adxudicadas as quendas, **para poder participar no mercado é imprescindible acreditar** que se desenvolve unha actividade económica regularizada, mediante:

- Copia do DNI ou do CIF.
- Copia da última cota pagada do réxime de autónomos (ou do réxime que corresponda).
- Certificado das epígrafes do IAE no apartado que corresponda.
- Para novos artesáns ou creadores, solicitude de alta nas epígrafes do IAE que correspondan ou documento que acredite a data de comezo da actividade.
- Carta de artesán, de ser o caso.
- Rexistro sanitario e certificacións das autorizacións para elaborar ou manipular alimentos, para os solicitantes que sexa aplicable.
- Seguro de responsabilidade civil que cubra a participación no mercado.

6.3. É responsabilidade directa das persoas expositoras o estrito cumprimento de todas as normativas referidas á venda



polo miúdo, liquidacións e saldos, así como a normativa sanitaria, laboral e fiscal.

- 6.4.** A participación no mercado é de balde para persoas expositoras e visitantes. Non obstante, unha vez adxudicadas as quendas, as persoas seleccionadas deberán realizar o depósito **dunha fianza de 250,00 €**, que recuperarán integramente ao remate do mercado agás nos casos que se especifican a continuación:
- Cancelación da súa participación no mercado con independencia das causas (vontade propia, imprevistos, urxencias).
 - Se a súa asistencia ao mercado produce danos ou perdas no seu espazo ou mobiliario, que se lle asigne, no doutros expositores ou na caseta de exposición. Neste caso, avaliaranse os custos aplicables e o expositor deberá aboar a diferenza, se existe.
 - Se o produto á venda non é o rexistrado na solicitude de participación e aprobado pola organización.
- 6.5.** É requisito indispensable a participación na totalidade das xornadas das quendas adxudicadas. De non cumprirse este requisito, a organización poderá cancelar a participación do expositor e ocupar o seu posto cun expositor da lista de agarda. Se non comparece todas as xornadas da quenda perderá o dereito a recuperar a fianza a que se fai referencia no apartado 6.3.
- 6.6.** A organización terá a facultade de excluír do mercado os expositores que non colaboren para favorecer o desenvolvemento do evento para as persoas visitantes, expositoras ou para o persoal da organización.

7. DISTRIBUCIÓN DE EXPOSITORES. EXPOSICIÓN DE PRODUTOS. MÚSICA AMBIENTAL

- 7.1.** A organización realizará a distribución dos expositores seleccionados na procura do beneficio do conxunto do mercado. A localización dos expositores seleccionados na Carreira do Conde, ou en Área Central nas quendas 5 e 6, será tamén decisión da organización.
- 7.2.** É imprescindible e obrigatorio que os expositores adornen os seus postos con motivos de Nadal e **que a decoración se corresponda co proxecto incluído na solicitude de participación**. Non cumprir esta obriga será motivo de expulsión e perda da fianza. A exposición dos produtos deberá realizarse de xeito estético, orixinal, limpo e ordenado, seguindo o espírito do evento.
- 7.3.** Nos postos asignados expoñeranse só os produtos aprobados. Queda expresamente prohibido ceder parte ou a totalidade do espazo adxudicado a outros artesáns, comerciantes ou empresas.
- 7.4.** Non se permitirá a exposición de produtos que pola súa natureza poidan perturbar ao resto das persoas expositoras ou que sexan susceptibles de deteriorar as estruturas, o pavimento, as paredes ou calquera outro elemento fixo ou móbil das casetas ou do mobiliario de exposición. No caso de existiren necesidades específicas de montaxe, os expositores informarán á organización, que revisará as peticións e intentará favorecerlas pero reservándose o dereito de autorizalas.
- 7.5.** Non se permitirá aplicar colas ou disolventes nos pavimentos nin nas paredes das casetas e tampouco utilizar produtos perigosos, tóxicos ou inflamables.
- 7.6.** A reprodución de música nos postos terá en conta e respectará a normativa sobre dereitos de autor, cuxa cumprimento será responsabilidade do expositor. O volume será o axeitado para non molestar os postos contiguos.

- 7.7.** Todos os carteis informativos que se expoñan ao público nos postos deberán estar escritos en lingua galega.

8. CASETAS E MESAS, HORARIOS DE MONTAXE E DE APERTURA AO PÚBLICO

- 8.1.** Nos postos do tipo caseta de Carreira do Conde, os expositores contarán cunha estrutura de madeira individual, con espazo cuberto de 2,80 m x 2 m. As casetas terán ventás abatibles con sistema hidráulico que, estendidas, forman un avance de 1,10 m e disporán tamén dun mostrador (0,75 m de fondo) e de dúas ou tres baldas para a exposición e venda dos produtos. Contarán tamén cun cartel de identificación coa súa denominación comercial e cunha toma eléctrica.
- No caso das mesas de exposición de Área Central, a organización proverá os expositores dunha estrutura de 0,60 m x 1,20 m e de elementos complementarios de exposición (caixas de madeira). Disporán tamén de soporte e cartel de identificación coa súa denominación comercial.
- 8.2.** En cada unha das quendas, as persoas participantes deberán aterse aos horarios de montaxe e recollida que fixe a organización.
- 8.3.** Igualmente, deberán aterse estritamente aos horarios de apertura e peche ao público do mercado que figuran nestas bases de participación.
- 8.4.** As persoas participantes asumirán os gastos derivados dos danos e perdas que poidan causar aos seus propios materiais ou produtos, ao material e postos doutros expositores, ao mobiliario ou ás infraestruturas proporcionadas pola organización.

9. PROMOCIÓN E DIFUSIÓN

- 9.1.** Para facilitar a promoción do mercado nas redes sociais e nos medios de comunicación, unha vez adxudicadas as quendas, os expositores enviarán á organización tres fotografías dos seus produtos máis representativos.
- 9.2.** Os expositores autorizan a realización de fotografías e vídeos dos seus produtos durante a celebración do mercado e ceden os dereitos de reprodución de todo o material gráfico e audiovisual que se realice para dar promoción á iniciativa.
- 9.3.** A organización proverá os participantes dun número limitado de bolsas de compra coa imaxe do mercado.

Sinatura do solicitante

